

# A Academia, o idioma e o nacionalismo, 1906-1930

## Notas para unha historia

HENRIQUE MONTEAGUDO

A Real Academia Galega (RAG) naceu coa vocación de constituírse en axente clave da institucionalización da cultura galega, daquela nunha fase incipiente. Entre outras, como tarefas específicas da Academia, atribuíuse(lle) un papel principal na constitución dun campo autónomo de estudos galegos (ata entón inexistente como tal), e máis particularmente, na investigación, cultivo e regulación da lingua e a literatura galegas. Dalgún xeito, a súa fundación supuña a culminación —tardía a causa das dificultades de todo tipo con que bateron— dos esforzos emprendidos polas sucesivas xeracións concorrentes no Rexurdimento. A súa creación valorábase como un logro do rexionalismo galego na esfera cultural —un suceso correlativo da magreza dos seus resultados no eido político. No presente artigo imos considerar, nunha rápida ollada, a traxectoria da RAG durante un período que vai desde a súa fundación ata Guerra Civil (1906-36), prestando unha atención específica a un dos seus ámbitos de competencia, que á partida estaba contemplado como o máis importante, o idioma galego, en tres aspectos fundamentais: os estudos lingüísticos e literarios galegos (isto é, a filoloxía galega), a promoción e a codificación do idioma.

Por parte, nos dous últimos terzos do período que consideraremos (1916-36) asístese á eclosión do nacionalismo galego, un movemento político-cultural que colocou as reivindicacións idiomáticas no cerne das súas angueiras. Ben significativa do devandito é a denominación escollida para a organización pioneira deste movemento: Irmandades da Fala. Como mostraremos, as insuficiencias da acción da Academia no terreo idiomático foron agudamente sentidas e denunciadas polo “novo” galeguismo, o que deu azo a unha interesante dinámica histórico-cultural, que será obxecto tamén do noso interese. Moi representativa do amplo proceso de modernización do país en que se insire (e ao que contribúe sobranceira-

mente) a xénese e acción dese novo galeguismo, concretamente no campo intelectual, foi a fundación do Seminario de Estudos Galegos (SEG, 1923), unha institución que rivalizará exitosamente coa Real Academia Galega nos eidos que nos interesan.

Por comezarmos a sinalar os contrastes entre a RAG e o SEG, é de notar que, ao optaren pola creación dunha Academia, os líderes do rexionalismo guiáronse por un modelo consagrado nas “grandes culturas” —isto é, culturas estado-nacionais— da nosa contorna (Real Academia Española, Academia das Ciencias de Lisboa...), de inconfundible tasto *ancien régime*, isto é, aristocrático-absolutista. Tratábase de compoñer un escabinado de eruditos, “homes de letras” e “notables” (moitos deles dotados dun prestixio adoito máis dependente da súa posición de privilexio social ca dos seus méritos intelectuais), imbuídos da súa condición de académicos a perpetuidade. Nunha cultura “de Estado”, ao menos a Academia, se conseguía aureolarse do suficiente carisma, podía exercer un certo poder normativo (sobre a lingua ou outros aspectos da cultura), sancionado pola autoridade política —apoio este de que a RAG careceu ata tempos moí recentes. Pola contra, os estudantes e profesores universitarios empeñados na modernización da cultura galega que promoveron a fundación do Seminario de Estudos Galegos escolleron un modelo similar ao do Institut d’Estudis Catalans (creado en 1907), máis aberto e flexible, e que se revelou moito máis efectivo. Para isto, abeiráronse a unha institución representativa do xeito contemporáneo de creación de coñecemento, daquelas en pleno proceso de reforma, cal era a Universidade de Santiago —a cal podía servir, en principio, para salvagardar unha certa autonomía, sobre todo en relación coas eventuais interferencias procedentes dos poderes políticos e sociais dominantes—, e, renunciando a calquera exclusivismo, procuraron o concurso

**Henrique Monteagudo. Profesor de Filoloxía Galega na Universidade de Santiago de Compostela.**

*Autor da Historia social da lingua galega (1999), secretario do Consello da Cultura Galega e co-director de GRIAL.*

dos intelectuais, estudosos e escritores máis valiosos e recoñecidos.

Adiantando conclusións, coidamos que o modelo “Academia” —tal como se materializou na RAG e nas concretas condicións da cultura galega do primeiro terzo do século XX—, resultou escasamente eficaz para unha cultura coma a galega, en situación de profunda anormalidade, consecuencia da subalternidade con respecto á cultura hexemónica “de Estado”. En troca, o modelo “Seminario de Estudos Galegos” demostrouse moito máis dinámico e produtivo.

## Fundación da Real Academia Galega

Como é coñecido, a iniciativa de creación dunha “Academia Galega” partiu da importante colonia galega establecida en La Habana, onde se creou unha “Asociación Iniciadora y Protectora” destinada, segundo os seus propios estatutos, a constituír en Galicia “una Academia Gallega ajena a toda idea política y religiosa” que tivese, entre outros obxectivos —tales como o fomento da literatura, dos estudos históricos, a recolla do folclore, etc.—, o principal de “dar unidad al idioma gallego por medio de la publicación de una Gramática y un Diccionario”. A devandita promotora determinou que a Academia Galega contase con corenta membros de número e que se estruturase en catro seccións (Ciencias, Historia, Literatura e Belas Artes) —co cal semella que se pretendía convertela en institución articuladora da cultura nacional—, ao tempo que estatuíu “para la redacción de los documentos de la Academia deben emplearse los idiomas Regional y Nacional” (*BRAG* I, 1906, pp. 25-26). É de notar a contradición de principio que arrastra a RAG deica os nosos días: pretendíase que exercese como Academia da lingua, pero non se contemplaba a creación dunha Sección de Filoloxía que acubillase os estudosos e os cultivadores do idioma.



Acompañando ao mestre Chané (ca. 1907).

Sentados: Ramón Faginas, Alejandro Barreiro, Chané, Manuel Murguía e Uxío Carré. De pé: Bernardino Álvarez, Robustiano Faginas, Francisco Tettamancy, Modesta Garrido e Florencio Vaamonde.

No chan: Emilio Chané. Foto Avrillon. Arquivo RAG

O presente artigo constitúe unha versión revisada dun capítulo da miña obra *Historia social da lingua galega*, onde as cuestións tratadas aquí eran consideradas nun marco histórico-lingüístico máis amplo. Á súa vez, esta parte do meu libro dependía da miña tese de doutoramento. Cando nos anos 1994-98 redacteí estes traballos, podía contar co estudo de conxunto máis antigo sobre historia da Academia, debido a R. Vilar Ponte, e con outros máis recentes, coma os contributos de X. Alonso Montero; posteriormente, apareceron, entre outros, a monografía de E. López Varela e a interesantísima compilación epistolográfica de X. Neira Vilas. Doutra banda, a contribución da Academia ao desenvolvemento da lingüística galega foi considerada nun estudo recente de Benigno Fernández Salgado. O Seminario de Estudos Galegos, cuxo papel neste aspecto foi estudado con especial atención na miña tese, foi obxecto dunha magnífica pescuda por parte do historiador Alfonso Mato. Os devanditos traballos atópanse elencados na bibliografía final. Para o meu traballo, fundeime basicamente en dúas fontes: o *Boletín de la Real Academia Gallega* (abreviarei *BRAG*), tomos I (1906) ao XX (1931), en particular a sección das noticias corporativas, e o voceiro galeguista *A Nosa Terra* (abreviarei *ANT*), números 1 (1916) a 268 (1930).

A historia posterior da Academia demostrou que a pretensión de atender os catro campos previstos contribuíu a desdebuxar o perfil intelectual da corporación: eivouna para desenvolver a súa función de codificación idiomática sen lle outorgar o liderado efectivo do mundo científico-cultural galego. En consecuencia, a RAG xogou un papel irrelevante na constitución da filoloxía galega, sendo que o seu contributo nas outras áreas non atinxiu o relevo esixido (dito sexa isto sen mingua dos barís resultados acadados no ámbito dos estudos históricos). Outro factor decisivo nesa frustración foi, na nosa opinión, a patente escora localista da institución, que facilitou presións externas e xogos internos que respondían a intereses que pouco ou nada tiñan que ver coa cultura en xeral e coa galega en particular. As fendas na coherencia da Academia ofreceron a posibilidade para que escoase nela a influencia de determinados “notables”, persoeiros que dominaban a escena pública da cidade da Coruña, que foron nutrindo un sector “mundano” da corporación que pexou decisivamente a súa evolución.

Pero atendamos, aínda que sexa rapidamente, á historia. A Real Academia Galega constituíuse o 30 de setembro de 1906 baixo a presidencia de Manuel Murguía. O groso dos efectivos da primeira RAG viña constituído por homes de letras adscribibles á tradición que noutro traballo temos denominado “dos amadores”, e sobre todo, por eruditos que laboraban no que demos en chamar a tradición “dos paleógrafos” ou “anticuaria” (Monteagudo 1996), o cal fica vulto no perfil do seu primeiro e segundo presidentes: o recién amentado Murguía (1906-22) e o seu fugaz sucesor Andrés Martínez Salazar (1923). Nunha caracterización xeral, podíamos dicir que no elenco dos primeiros corenta académicos numerarios se achan os superviventes da plana maior do movemento rexionalista, flanqueados polas figuras máis representativas das letras galegas coevas (Monteagudo 1999, 374-75). Sete dos fundadores adheriríanse activamente en 1916-17 á chamada para o lanzamento da “Liga de Amigos do Idioma” (da que nacerían as “Irmandades da Fala”), o cal dá unha idea das liñas de continuidade entre a xeración rexionalista e a nacionalista: Oviedo y Arce, Florencio Vaamonde, Francisco Tettamancy, Manuel Lugrís, Eugenio Carré Aldao, Manuel Banet e Salvador Cabeza de León. Destes, os que máis tempo conviviron coas novas xeracións (os catro últimos) ofreceron unha contribución de indubidable importancia ao galeguismo durante o período de entreguerras; o último, profesor de leis na Minerva compostelá, foi padroeiro do Seminario de Estudos Galegos.

## Presenza do idioma e dos estudos lingüísticos no *Boletín da Real Academia Gallega*

A Academia publicou regularmente desde a súa fundación o *Boletín de la Real Academia Gallega (BRAG)*. A pauta da orientación científica do *BRAG* márcana os colaboradores máis asiduos durante a época que nos interesa: E. Carré Aldao (secretario da RAG de 1905 a 1906 e de 1909 a 1919) cos seus artigos sobre historia da imprenta e a prensa en Galicia, bibliografía, biografías e episodios da historia local (foi cronista oficial da cidade da Coruña); o historiador da arte Ángel del Castillo López cos seus estudos sobre arqueoloxía e arte sacra galegas, o arquivista compostelán Pablo Pérez Costanti cos esclarecementos de “liñaxes galicianas” e, finalmente, o que probablemente foi o académico máis laborioso do período, o historiador César Vaamonde Lores (arquivista-bibliotecario da RAG de 1907 a 1942), con traballos diplomáticos e de varía erudición. Anotemos que todas estas colaboracións están escritas en castelán, deixando á parte, claro está, a transcripción de documentos históricos —na maior parte dos casos en latín ou galego. Coidamos que con esas pinceladas sobre a personalidade e a contribución dalgúns dos principais colaboradores do *BRAG* damos unha idea aproximada do carácter desta publicación e do sector máis esforzado da propia Academia: erudición histórica, paleográfica e bibliográfica moi valiosa, pero de sabor distintamente decimonónico, o cal remite indisputablemente á “tradición anticuaria”.

En efecto, unha revisión sumaria do *BRAG* evidencia que a achega da Real Academia Galega foi pouco relevante así para o avance no coñecemento científico e a codificación coma para o cultivo e promoción do idioma. Verbo do primeiro aspecto, semella claro que a formación intelectual dos académicos non os capacitaba para o estudo da lingua galega con perspectiva e métodos modernizados nin para a abordaxe dos complexos problemas que presentaba a súa codificación —do cal non podemos responsabilizalos: a ausencia dos estudos filolóxicos na Universidade de Santiago foi determinante. Secomasí, é rechamante a aparente despreocupación e a escaseza de iniciativas (mesmo modestas) cara á consecución duns obxectivos declarados fundamentais. Aínda que non podemos afondar nas causas disto, semella que a atonía ambiental e a falla de apoio exterior foron co-responsables deste desleixamento.

Canto ao uso e a promoción da lingua, a RAG seguiu a pauta vixente no período rexionalista, que combinaba a defensa retórica do idio-

ma galego co uso do castelán. O cultivo do primeiro cínxiase ao verso e á prosa costumista, mentres que o segundo era o idioma escrito e falado da comunicación cotiá e formal e da escrita non literaria. Esta pauta constituíu o albo das críticas máis duras que os impulsores das Irmandades da Fala lles dirixiron aos rexionalistas que os precederon (“os nobres Precusores que cometeron o erro fondo de esquecer qu’a lingua é a autonomía espiritual dos pobos”, véxase sobre isto o noso traballo: Montegudo 1995).

Contra o previsto nos estatutos da corporación, o castelán era a lingua habitual e case exclusiva da institución tanto no ámbito interno coma no externo, oralmente e por escrito. Para máis, no canto de evolucionar ao compás do seu tempo, procurando sintonizar coas actitudes máis comprometidas coa lingua galega que foron abríndose paso, a Academia deixouse escorregar por unha vía involutiva, no cal resultou determinante o crecente peso do sector “mundano” da corporación —que en boa parte coincidía co non-galeguista—, a custa do sector “erudito”, que en xeral era filo-galeguista. En palabras de Vítor Casas, o problema consistía en que no canto de cubrir as prazas vougas con xente nova, capaz de darlle pulo á institución e “facela saír do ostracismo en que está dende que foi creada”, víñaselles dando entrada a “señores perfectamente inéditos en cousas galegas”, que o único mérito que podían presentar era “o de seren amigos ou compinches políticos dos señores que mandan” na corporación (“A Real Academia Gallega (?)”, *A Nosa Terra* 216, 1925, pp. 6-7). De contado tornaremos a isto.

### A presidencia de M. Murguía: 1906-1922. Unha deriva involutiva

Entre as achegas máis significativas da RAG cara á promoción, codificación e estudo do galego baixo a presidencia de M. Murguía algunhas foron tan modestas como a organización duns cursos de “Gramática Gallega” entre 1907-08 (*BRAG* II, 1907-9, pp. 113-114), outras reveláronse pouco efectivas, como a elaboración dunhas regras elementais para a ortografía do galego (véxase máis abaixo); a máis ambiciosa, a edición en fascículos dun dicionario galego-castelán que se interrompeu en 1929 —empeño practicamente persoal de C. Vaamonde<sup>1</sup>—, resultou fanada. Pola súa banda, desde a súa fundación ata o ano 1923, o *BRAG* está redactado integramente en castelán, se excluímos as colaboracións dos filólogos portugueses José Joaquim Nunes e José Leite de Vasconcellos e algún dos discursos de ingreso na corporación<sup>2</sup>. Repasemos rapidamente a aco-llida e a atención que se lle presta á lingua e á filo-



Vicente Risco lendo o seu discurso de ingreso na Academia, celebrado no Círculo de Artesanos da Coruña en febreiro de 1929. Ángel del Castillo, Fernando Martínez Morás, Manuel Lugrís e Federico Maciñeira. Arquivo RAG.



Asistentes ao banquete en honra de Otero Pedrayo, polo seu ingreso na RAG na Coruña en decembro de 1929. De pé: César Otero, José Berguer, Pardo, Liste Mourenza, Abelaira, Mosteiro, Manuel Cabanillas, Calviño Domínguez e A. Vilar Ponte. Sentados: Alonso, administrador do Sanatorio de Oza, Eladio Rodríguez, presidente de la Academia; Otero Pedrayo, Vicente Risco, Á. del Castillo e González Villar. Arquivo RAG

<sup>1</sup> Este dicionario, de orientación histórica, chegou a cubrir só as dúas primeiras e parte da terceira letras do abecedario, ata a palabra *cativo*, o que, unido á edición en fascículos ao longo de máis de quince anos, o tornou de escasa utilidade para o público. Sobre isto, véxase a monografía de B. Fernández Salgado citada na bibliografía e o *BRAG* XVIII, 1928-29, pp. 164-66 e *BRAG* XIX, 1930, pp. 104-05. Tamén á iniciativa de C. Vaamonde se debe a publicación das Coleccións documentais (o primeiro tomo da *Colección de Documentos Históricas* completouse en 1915, o segundo en 1930, nos anos seguintes apareceron dous máis), de enorme interese histórico pero realizadas, como era habitual daquela, con escaso rigor filolóxico.

<sup>2</sup> Pódese pór como exemplo o pronunciado por Amador Montenegro Saavedra, respondido por Juan Barcia Caballero (*BRAG* III, 1909-10, pp. 241-257).

loxía galegas no *BRAG*. No tomo I (1906-07) publícase unha tradución ao castelán da esquemática morfoloxía do galego moderno que J. Cornu redactara para o *Grundriss* de G. Groeber e un artigo de Salvador Golpe sobre as formas que resultan da contracción entre a preposición *a* e o artigo *o* (*ao/ó, á/a*), que, aínda que se atopa lonxe de discutir a cuestión en termos científicos, polo menos está ben documentado e escrito con certo tino. Pero cabo destes aparece no *BRAG* un traballo que xa daquela resultaba totalmente inaceptable: referímonos ao texto “El gallego no es hijo del latín”, no que se estampan desatinos do tipo “el gallego no dimanó del latín, sinó de un lenguaje hermano gemelo del latín [que] no venía a ser otra cosa que una fusión del celta y el hebreo en que predominaba la lengua helena” (!?).

En todo caso, a atención outorgada no tomo I á lingüística galega, con non ser intensa, é considerable se comparamos co que acontece a seguir. Todo o que podemos aducir neste senso no tomo II (1907-09) é unha interesante nota de Andrés Martínez Salazar sobre a datación dun documento galego medieval. O tomo III (1909-10) ofrécenos unha breve recensión dos valiosos (pero totalmente desatendidos na época) *Elementos de gramática histórica gallega* de Vicente García de Diego (1909), unha nota que se perde en apostilas irrelevantes e non fai xustiza á sólida monografía comentada. Por parte, este tomo recolle un ditame da Comisión de Ortografía da RAG, no que se fixan uns criterios para o ‘Diccionario galego’ que se estaba xestando e que se recollen nos seguintes acordos<sup>3</sup>:

- a) Para a representación gráfica da consoante fricativa prepalatal débense usar as grafías etimolóxicas (*gente, ja, caixa*), “no sólo por ser la aceptada por las Academias de las lenguas cultas, sino por su conveniencia para los estudios filológicos”, polo que se lles recomenda o seu uso aos escritores.
- b) Débese restrinxir todo o posible o uso do apóstrofo (*d’onte*) e do guión de enlace (*todol-nenos*).
- c) Poderán distinguirse graficamente as vogais medio-abertas e medio-pechadas empregando respectivamente o til agudo (*é, ô*) e o til grave (*è, ò*). Tamén se poderá utilizar o acento circunflexo para marcar as vogais simples que resulten da contracción de dúas vogais homórganas (*irmâ, lêr, bô*).
- d) O dicionario académico será etimolóxico e redactarase en castelán, “teniendo en cuenta que su uso no ha de ser exclusivo de los gallegos sino también para facilitar á todos el estudio y conocimiento de nuestra lengua”.

Como se bota de ver, nestes criterios pesa decisivamente a visión “anticuaria” da lingua galega típica dos arquiveiros-paleógrafos, ollada que domina a erudición galega no período rexionalista, o cal, por certo, é congruente coa consagración da grafía etimolóxica, que tivo nulo eco entre os cultivadores coetáneos do galego (como, de resto, case todas as outras recomendacións da Academia neste terreiro). Contra o que os actuais partidarios da grafía etimolóxica (maiormente reintegracionistas) sosteñen, esta non se deu implantado no galego escrito, a pesar entre outras cousas do apoio da RAG, simplemente porque a grande maioría dos cultivadores e o público lector teñen mostrado reiteradamente preferencia pola solución “fonográfica” <x>, a favor da cal militaban a sinxeleza e o afán diferencialista verbo do castelán. Doutra banda, coidamos que nas claves da decisión de emprego do castelán no dicionario latexa a autopercepción da Academia como integrada no ámbito cultural castelán-falante.

No tomo IV do *BRAG* (1910-11) inaugúrase unha sección de textos folclóricos que terá continuidade, e que neste coma noutros tomos máis acolle os únicos textos que se pode aducir de interese para a Lingüística galega (cancións, refráns e adaxios, adiviñas). No tomo V (1911-12) soamente atopamos unha contribución do filólogo lusitano José Joaquim Nunes, unha breve recensión do traballo de Andrés Martínez Salazar que daba conta do achado dun fragmento dun códice galego das *Partidas* de Afonso X o Sabio. O tomo VI (1912-3) tamén ofrece un balance facareño: soamente é de relevancia lingüística a edición que publica Murguía das “Constitucións da Confraría da Santa Tegra da vila da Guarda”, un notable texto do século XVI. O tomo VII ofrécenos un artigo de interese paleográfico de A. Martínez Salazar, e outro de A. López que ten celme diplomático/histórico. O tomo VIII (1914-5) non presenta traballos sobre o galego, e en galego unicamente ofrece textos folclóricos. Os tomos IX (1915-6) e X (1916) acollen algúns traballos de interese filolóxico, coma tal os artigos de A. López sobre un fragmento galego da *Legenda Aurea*, cunhas observacións lingüísticas sobre o galego e portugués na Idade Media, e mais un traballo de Oviedo y Arce sobre un novo fragmento dun códice galego-castelán (leonés?) das *Partidas*. No tomo XI (1917-9) insírese unha segunda contribución de J. J. Nunes, desta volta sobre o trobador portugués Pero Gomez Barroso. Na mesma liña se sitúan os tomos seguintes, XII (1920-21) e XIII, coa continuación do traballo do filólogo portugués, un artigo sobre a etimoloxía do topónimo “Coruña”, e unha breve contribución do lingüis-




Elección de Eladio Rodríguez como presidente da Academia (1926).

De pé: Ángel del Castillo, Fernando Martínez Morás, Manuel Amor Meilán, Federico Maciñeira y Pardo de Lama, José Vega Blanco, Ramón Cabanillas, Victoriano Taibo e Antón Vilar Ponte. Sentados: David Fernández Diéguez, Indalecio Varela Lenzano, Uxío Carré, Marcelo Macías, Eladio Rodríguez e Rafael Pérez Barreiro. Arquivo RAG

ta lusitano José Leite de Vasconcellos. En resumo, ben se bota de ver que a contribución da RAG para o desenvolvemento da filoloxía galega neste período foi de moi curto alcance.

A finais do ano 1918 produciuse unha grande oportunidade para a renovación da Academia, pois acordouse cubrir as prazas vogas da institución, que daquela xa ascendían a doce; mais a ocasión foi desaproveitada. De certo, entre os elixidos figuraban sonados cultivadores das letras galegas, coma os poetas Evaristo Martelo Páumán e Ramón Cabanillas Enríquez (este último moi vencellado ás angueiras das Irmandades da Fala) e o profesor e literato Armando Cotarelo Valledor. Outros dous designados, aínda que non salientaban polo cultivo da lingua galega, polo menos posuían un marcado perfil cultural: referímonos ao publicista Fernando Martínez Morás, e ao poeta e polígrafo en castelán Antonio Rey Soto. Pero a carón dos anteriores, figura unha nómina de sete persoeiros que pouco ou nada tiñan que ver coas letras ou os estudos galegos, algúns dos cales responden aciadamente ao perfil de “notables” locais, e outros ao de eruditos con preocupacións ben arredadas da cultura galega, coma tal: o enxeñeiro Francisco Ponte y Blanco,



<sup>3</sup> “Ortografía gallega. Proposición”, *BRAG* III (1907-8): 46-47. O acordo académico non se atopa ilustrado con exemplos, de maneira que os que aparecen son da nosa colleita.

o matemático David Fernández Diéguez (sería secretario da RAG desde 1926), o médico militar galego-cubano Félix Estrada Catoira, o empresario e publicista Julio Dávila.

O antedito é sintomático do distanciamento da RAG verbo do novo rumbo que a partir de 1916 marcaban as Irmandades da Fala. Ben significativo da actitude crítica dos nacionalistas perante a RAG nos anos en que comezaba a tomar corpo o seu propio movemento é o seguinte parágrafo dunha conferencia de A. Vilar Ponte proferida en 1920:

Os galegos que mais galegos parecen —académicos, eruditos, arqueólogos— adícanse ó estudo das cousas vellas da nosa Terra com'as d'un país finado, morto, cuia personalidade solagouse no castelanismo estéril. Si fan un diccionario danlle xeito de panteón da nosa lingua. Si fan un boletín convírteno en eco morto de cousas pretéritas. Somentemente miran prâ atrás, c'unha friaxe tan tolledora, que calquera diría que se trocaren, com'a muller de Lot, en estátuas de sal. [...] Perderon o sangue do espírito qu'é a língoa natal, perderon a autonomía dos sentimentos que sô a língoa propia mantén acesa, e fican trocados en 'turistas' na súa terra, que van percorrendo guiados por unha cultura fría que lembra ôs antipáticos 'cicerones' tod'o que foi. ("Dos nosos valores", *ANT* 120, 1920, p. 3).

### A transición (1923-26). Presidencias de A. Martínez Salazar e F. Ponte y Blanco

Ao pasamento do primeiro presidente da Academia, foi elixido para sucedelo Martínez Salazar. Os nacionalistas, a vulgar polo publicado no seu voceiro *ANT*, acolleron con frialdade a decisión, pois malia consideraren o ilustre arquiveiro un "home culto, home bon, home traballador e venerable, cuia longa e fecunda vida foi sempre merecente do noso aplauso" (*ANT* 186, 1923, p. 2), apúñanlle a pega de que non era galego de orixe. Coidamos que esta reacción hai que explicala pola carraxe que estaba a provocar nos nacionalistas a predominio na Academia do sector "mundano", xa que as tépedas queixas sobre a elección de Martínez Salazar van adobiadas de acedias críticas polo nomeamento como académico de honra do conde de Rivero, administrador e co-propietario do *Diario de la Marina*, de La Habana, que, segundo *ANT* salientaba polos ataques a Galicia do seu xornal. En todo caso, o súpeto falecemento uns meses despois do flamante presidente da RAG deu azo para que o voceiro galeguista fixese xus-

tiza ao finado, recoñecendo que dedicara "todo o seu amor e os seus esforzos á laborar pol-os progresos arqueolóxicos e literarios da rexión" (*ANT* 194, 1923, p. 5).

Durante 1923 apróbanse dúas propostas para novos numerarios: a de Vicente Risco, que sería o primeiro representante da xeración das Irmandades da Fala designado para a Academia, e a do político non moi letrado José Pan de Soraluze, que acabou renunciando a ocupar a praza. Un ano antes fora tamén eleito o historiador da arte Ángel del Castillo López, que mantiña contactos cos círculos culturais galeguistas. A partir de 1923 percibimos un interese crecente dos nacionalistas pola RAG, que se manifesta tanto na atención que lle presta o periódico *A Nosa Terra* coma na colaboración dun núcleo de intelectuais galeguistas no *Boletín* corporativo. Así, ante o finamento de Martínez Salazar, *ANT* suxire que se nomee a un "dos nosos" que vive na Coruña e "pol-os seus coñecimentos, pol-os seus numerosos e meritorios traballos é merecente d'ese xusto homenaxe" (*ANT* 194, 1923, p. 5). Nun número posterior o voceiro galeguista confirma as conxecturas que calquera coñecedor da época faría sobre cales eran os candidatos preferidos polos galeguistas: Carré, Lugrís, Vaamonde, Eladio Rodríguez ou Martelo (*ANT* 201, 1924, p. 5)<sup>4</sup>.

Isto permite supor que os nacionalistas mantiñan una política posibilista, isto é, eran partidarios de ingresar nela para tentaren reformala desde dentro. A elección, en marzo de 1924, como novo Presidente da corporación dun representante do sector "mundano", na persoa do enxeñeiro de camiños, publicista en castelán e ex-alcalde da Coruña Francisco Ponte y Blanco tivo que cheirarlles a corno queimado. Xa antes da designación, *ANT* expresara a súa inqueda ante o rumor de que o devandito ía ser elixido presidente, pois "ten demostrado un enorme desconocemento das cousas de Galicia" e, segundo o voceiro nacionalista, non fixera endexamais nada que o fixese acredor nin sequera de figurar como numerario, polo que a súa elección habería que considerala unha "cacicada" (*ANT* 198, 1924, p. 2). De feito, por esas datas aparece un manifesto público contra o candidato, e o diario *Galicia*, recentemente aparecido, emprende unha intensa campaña de prensa contra o nomeamento<sup>5</sup>. O desacougo do voceiro galeguista ante o rumor tornouse en indignación cando se produciu a elección de F. Blanco (*ANT* 199, 1924, pp. 1-2 e 201, p. 5).

Daquela en diante, os nacionalistas endurecerán as súas críticas á RAG, ata o punto de que un artigo publicado un ano despois só salva entre os académicos "catro ou seis figuras" de

valor para a literatura e a filloxía galegas, aos que engade algún outro membro digno de figurar polos seus traballos arqueolóxicos ou históricos sobre Galicia. Os demais, que son maioría, non valen para cousa, xa que “a fala e a literatura, a cultura galegas téñenos sen coidado”, polo que conclúe *ANT*: “ou modifícase d’unha vez para sempre, ou é mester considerala xa definitivamente como cousa inútil”. A única esperanza de reforma da Academia residiría en que as vagas se cubrisen por xente digna de figurar nunha institución que debera ser “a mais alta representación da xenuína intelctualidade galega”. Esa xente son “aqueles que se preocupan e traballan pol-o coñecemento e progreso da nosa fala, que estudan as costumes da Terra, a súa Historia, os seus moimentos, que fan culto da exaltación de Galicia e do seu melloramento no orde cultural” (*ANT* 210, 1925, p. 2).

Como para confirmar os peores agoiros dos galeguistas, *ANT* censura acerbamente o ingreso de David Fernández Diéguez, e pouco despois Vítor Casas, nun artigo que temos citado reiteradamente, láíase da designación como novos académicos do diplomático e publicista en castelán José García Acuña, do erudito e orador en castelán Narciso Correal y Freire de Andrade e do político José María Ozores de Prado<sup>6</sup>. Estas eleccións, de mesto tinte “mundano”, virían a aboar a imaxe da RAG como “organismo sen finalidade práctica ningunha —tal como está integrado—, vitrina d’uns cantos señores cubertos co’as telarañas das cousas vellas e arrinconadas”. Por parte, este articulista fai unha crítica apenas velada aos académicos galeguistas que coa súa pasividade toleran que a Academia se estea a tornar unha “coveira noxenta de compradazo prexudicial ás nosas letras e ao desenrolo da nosa cultura”. Malia as críticas públicas, os nacionalistas non abandonaron a esperanza de reformar a corporación, de xeito que no tomo XIV do *BRAG* (1923-5) se detecta un lixeiro aire de renovación, pois ademais de traballos da área lusófona e da noticia dunha homenaxe a Camoens no seu IV Centenario organizada pola RAG, aparecen textos en galego de autores vencellados ao movemento nacionalista: por caso, Florentino López Cuevillas e Risco publican cadanseu artigo en galego. Ademais, a finais de 1925, as novas sobre a elección como académicos de número do xurista e sobranceiro político coruñés Manuel Casás Fernández (sería presidente da RAG desde 1936) e de A. Villar Ponte, e un rumor (que despois non se confirmaría) sobre Castela, son ecoadas con parabéns no voceiro nacionalista, que agora coída albiscar un cambio de rumbo na corporación académica (*ANT* 222, 1926, p. 9).



<sup>4</sup> Entre as candidaturas que se barallaron para suceder a Martínez Salazar debeu de contarse a do catedrático da Universidade compostelá e cofundador do Seminario de Estudos Galegos, Armando Cotarelo Valledor, pero o artigo de *ANT* que recolle a loía semella dar a entender que nese momento Cotarelo non era un candidato ben acollido nas ringleiras galeguistas, a vulgar pola crítica que se insinúa, pois fora nomeado académico de número pero aínda non ingresara “e non por culpa da Academia” (o absentismo de don Armando, tamén nas aulas da Universidade compostelá, na que funxía como docente, era proverbial).

<sup>5</sup> “Santiago. La presidencia de la Academia Gallega”, *Galicia* (28-II-1924): 2; “La Academia gallega. Ya tiene Presidente”, *Galicia* (3-IV-1924): 1; “El caso de nuestra Academia. Un llamamiento a los hombres de letras”, *Galicia* (4-IV-1924): 1; “La Academia Gallega. Parece que dimitirá el actual Presidente”, *Galicia* (11-IV-1924): 1.

<sup>6</sup> J. M.<sup>a</sup> Ozores. Irmán dun sobranceiro político do réxime, era considerado o representante dun dos políticos máis importantes do último período da Restauración, o marqués de Alhucemas, na provincia da Coruña. Fora presidente da deputación Provincial, deputado a Cortes, senador do Reino e presidente do Consello de Administración do xornal *La Voz de Galicia*. Vid. Martínez Morás F.: “Letras de duelo. Don José María Ozores de Prado”, *BRAG* XVI (1926-7), 281-82. Non resistimos a tentación de citar a gabanza que se lle dedica, que é prototípica do académico “mundano” que campaba daquela na corporación: “La personalidad del Sr. Ozores de Prado, acusada con notable relieve en la vida social por su caballerosidad ejemplar, su corrección exquisita, la pronta disposición a fomentar y enaltecer los valores espirituales y los avances progresivos de la urbe y la región [...]. En otros aspectos de la vida coruñesa, el Sr. Ozores de Prado —abogado de nota, cultísimo periodista, orador correcto y elocuente, dechado de honradez política y entusiasta defensor de los intereses de la ciudad— laboró con fervor y generosamente en el seno de las varias entidades locales en que tuvo distinguido puesto, siempre rodeado del respeto y la estimación de todos sus conciudadanos”.



## O Seminario de Estudos Galegos: relevo xeracional e relegación da Academia

Mentres que nos primeiros anos da ditadura de Primo de Rivera (1923-26), como acabamos de apuntar, a deriva regresiva da Academia semellaba acentuarse; doutra banda, remanecía unha novidade destinada a producir un notable cambio de rumbo no proceso de institucionalización dos “estudos galegos” e na promoción do idioma do país: a fundación do Seminario de Estudos Galegos (1923). Non é este o lugar para demorarnos na caracterización desta institución, xurdida no ámbito universitario (en estreita conexión co establecemento coetáneo das facultades “maiores” de Filosofía e Letras e Ciencias, dentro da Universidade de Santiago), pero decididamente aberta á participación dos actores intelectuais e literarios máis valiosos e innovadores da Galicia coeva. Lembraremos só que o galeguismo, coutado o seu despregamento sociopolítico pola ditadura, durante ese período se concentrou no labor cultural, para o cal o SEG se revelou unha axencia de grandísima utilidade. Tanto foi así, que no curto espazo de tres anos (1923-25), ao núcleo fundador (constituído, entre outros, polos mozos estudantes X. Filgueira Valverde, L. Tobío, F. Bouza-Brey e R. Martínez López, e polos profesores A. Cotarelo Valledor e S. Cabeza de León) xa se lles uniran os principais talentos da *intelligentia* galeguista emerxente (Risco, López Cuevillas, Castelao, Losada Diéguez, Otero Pedrayo, Rof Carballo). Aínda que nunca se expresou de xeito explícito —os “seminaristas” non só evitaron mostrarse publicamente belixerantes coa RAG, mais mantiveron unha intelixente actitude de colaboración con esta, como queda patente nas páxinas do *BRAG*—, o pulo do SEG implicaba un desafío implícito, seguramente involuntario pero non por iso menos ameazador, ao pretense liderato cultural da languidecente Academia.

Por outra banda, despois duns comezos tantariñantes, o SEG decantouse claramente polo emprego preferente do galego en todo tipo de textos (conferencias, traballos académicos, conversa culta, documentación corporativa): tanto o catálogo das súas publicacións coma os seis volumes que saíron da revista corporativa (*Arquivos do SEG*) dan proba fidedigna disto. É certo que, dada a práctica ausencia de estudos de filoloxía na Universidade de Santiago, no ámbito dos estudos lingüísticos o contributo do Seminario é máis ben exiguo —cítese o *Vocabulario popular galego-castelán* (1926-28), de volume reducido pero que conseguiu unha gran difusión. Pero resulta moi significativo o feito de que fose o Seminario a institución que finalmente se encargase de intervir

no delicado terreo da codificación da lingua, ripándolle máis ou menos subrepticamente esta importante competencia á RAG. Se os xulgamos en termos de amplitude, fondura ou sistematicidade, os resultados do Seminario neste terreo poderían parecer discretos (*Algunhas normas pra a unificación do idioma galego*, de 1933, complementadas pola *Engádegas ás Normas pra a unificación do idioma galego*, de 1936), pero correríamos o risco de que se nos escapase a importantísima significación histórica destas modestas tentativas —que no seu tempo gozaron dunha excelente acollida pública. Sexa como for, as achegas máis relevantes no terreo da lingüística galega no período de anteguerra son practicamente alleas á RAG: é certo que o autor da *Gramática do idioma galego* (1ª ed. 1922, 2ª ed. 1931), M. LUGRÍS, era académico, pero tanto esta obra coma o *Diccionario galego castelán* de L. Carré Alvarellos (1928-31), ou o estudo *El idioma gallego. Su antigüedad y vida*, de A. Couceiro Freijomil, son traballos alleos á Academia.

### Abalar do galeguismo: presidencias de Eladio Rodríguez (1926-34) e M. LUGRÍS (1934-35)

O dinámico desenvolvemento do SEG, que estaba a gañar un gran prestixio, con certeza convidou ao sector máis consciente da RAG a reconsiderar a traxectoria da corporación. Contra finais de 1926, o recén designado como académico numerario A. Vilar Ponte escribe unha colaboración para a revista *Céltiga* na que predí a elección como presidente da Academia de Eladio Rodríguez, que interpreta como sinal de profundos cambios na institución, ao tempo que desculpa a inactividade desta ata aquel momento, o cal debemos entendelo como un cambio de actitude moi notable verbo de posicionamentos anteriores. O brillante xornalista salienta as achegas da Academia e culpa das súas insuficiencias máis ben á falta de apoio oficial e social: “A Academia, por falla de cartos, non poido faguer unha laboura moi intensa. Limitouse a prubricar-o Boletín, a escribir papeletas pr’o Dicionario, a crear unha Biblioteca que é moi meritosa e a orgaizar, de tempo en tempo, unha solenidade literaria na Cruña e n’outras vilas da Terra” (“O que foi e o que ten de ser a Academia Gallega”, *Céltiga* 46, 1926).

Efectivamente, a elección a finais de 1926 de E. Rodríguez parecía agoirar novos tempos. *A Nosa Terra* fólgame desta e asemade do ingreso na corporación de F. Martínez Morás co seu discurso sobre toponimia galega, e mais das designacións como académicos numerarios do ilustre médico e varudo ensaísta Roberto Nóvoa Santos






Manuel Casás (centro), na librería Fe, da Coruña. Fondo M. Casás (RAG)

e do paleógrafo Juan Domínguez Fontenla, así coma da presentación dunha proposta a favor de R. Otero Pedrayo. Para o voceiro nacionalista, unha das cualidades que salientan no novo presidente é a de saber falar o galego, “a de cultivalo e estimalo, coma o millor tesouro da nosa raza” o que considera condición indispensable para ocupar este cargo, ao que engade: “de hoxe en diante, non debe de se tolerare que quen presida a Academia Galega, poida, non soio desconocela nosa lingua, senón incluso avergoñarse d’ouvila falare, téndoa por cousa inferior, que académicos houbo e hai aínda de tan ausurdo e paradóxico xeito” (*ANT* 231, 1926, p. 2). A racha positiva soamente se tronza coas queixas a primeiros de 1929 pola elección como numerario do director da revista *Vida Gallega*, Jaime Solá, un afervoado propagandista do antigaleguismo (*ANT* 259, 1929, p. 4). *A Nosa Terra* declara que a RAG está a esgotar a paciencia dos nacionalistas e ameaza con declararse abertamente inimiga dela, pero ao tempo reconece que intelectuais como Risco e Otero Pedrayo, que foran electos, están a demorar o seu ingreso, polo que os urxe a que non o adíen máis (*ANT* 257, 1929, pp. 3-4)

Nesa vea, contra os mediados do mesmo ano de 1929 continúan as críticas no voceiro galeguista

O dinámico desenvolvemento  
do Seminario de Estudos Galegos,  
que estaba a gañar un gran prestixio,  
convidou ao sector máis consciente  
da Real Academia Galega  
a reconsiderar a traxectoria  
da corporación



polo uso do castelán nas sesións da academia e mais no *BRAG*, e especialmente a ausencia de traballos sobre o idioma galego neste: “si nas follas do *Boletín* as únicas páxinas nas que podemos darnos o regalo de lér unha prosa enxebre son as dos *Documentos Históricos*, podemos facer a dedución de qu’o galego é considerado pol-a Academia como unha curiosidade” (*ANT* 260, 1929, pp. 7-8). Pero a verdade é que baixo a presidencia de Eladio Rodríguez (1926-34), o *BRAG* acolleu con certa asiduidade colaboracións, sempre en galego, dos amentados Cuevillas, Risco e mais de Bouza-Brey, e ocasionalmente de Otero Pedrayo, Cabeza de León, Leandro Carré e outros (aínda que sobranceiros intelectuais galeguistas mozos, como Xosé Filgueira Valverde e Lois Tobío Fernández, usaron o castelán nas súas contribucións). Deste xeito, a presenza do idioma galego no *Boletín* académico, sen chegar a ser nunca maioritaria, atinxe polo menos nalgúns tomos unha certa visibilidade. Doutra banda, o único académico que parece ocuparse no boletín académico pola lingüística galega é Manuel Amor Meilán, a quen se debe un interesante traballo sobre “El gallego que no se habla” (*BRAG* XVI, 1926-27, pp. 25-32), que discute con tino a recuperación do léxico dos documentos medievais. Para termos unha panorámica completa do asunto, non podemos deixar de citar un artigo de María Barbeito y Cerviño sobre “El bilingüismo en la escuela” que defende unha posición renitente á introdución do galego no ensino, polo que semella abraiante que se lle dese cabida nas páxinas do *BRAG* (tomo XX, 1931, p. 172).

De resto, a designación como membros de número de persoeiros do nacionalismo como Risco, A. Vilar Ponte, Otero Pedrayo e Castelao, que se viñan sumar a literatos galeguistas nomeados anteriormente, significa que a RAG estaba a abrir as súas

portas aos intelectuais de prestixio máis comprometidos coa lingua e a cultura galegas. Risco leu o seu discurso de ingreso (respondido por Cabanillas) en 1929, Otero Pedrayo incorporouse no mesmo ano, recibido por Risco; A. Vilar Ponte presentou o seu discurso (respondido por Otero) en 1934, e Castelao foi designado en 1933 e ingresou (recibido por A. Vilar Ponte) a mediados do ano seguinte<sup>7</sup>. Deste xeito, a RAG daba pasos decididos cara á incorporación no seu seo da cultura viva do país. Probablemente, o cume da influencia nacionalista na corporación académica atinxiuse coa elección como presidente (1934-35), do veterano galeguista Lúgris Freire, que como sabemos se contara entre os seus membros fundadores. A dimisión por motivos de saúde do ancián Lúgris en 1935 e o brutal abalón que supuxo a Guerra Civil tronaron a vía aberta cara á integración na RAG aos sectores máis dinámicos da intelectualidade galega.

Fundada na fase epigonal do rexionalismo, cos líderes deste movemento ás portas da xubilación intelectual ou abocados á decadencia biolóxica, con base en presupostos culturais caducantes, e, sobre todo, desprovista de apoios sociais consistentes, a Real Academia Galega experimentou graves dificultades para desenvolver o papel que inicialmente se lle atribuíu. Isto propiciou que os grupos renovadores que comezaron a saír á tona en Galicia a partir de 1916 procurasen unha vía distinta de cara a impulsar a institucionalización dos estudos galegos e a promoción do idioma e a literatura galegas, para o cal contaron co apoio inesperado dunha institución que ata daquela se mantivera virada de costas á cultura do país: a Universidade de Santiago de Compostela. Neste senso, resultou providencial a ampliación das facultades de Filosofía e Letras (Sección de Historia) e Ciencias, produci-



Asistentes á recepción de Castelao na Academia, no Pazo Municipal da Coruña (25 de xullo, 1934). De pé: Sebastián González, Eladio Rodríguez, Enrique Peinador, Gonzalo López Abente, Pura González Varela, Celia Brañas Fernández, Otero Pedrayo, David Fernández Diéguez, Ángel del Castillo e Fernando Cortés. Sentados: Fernando Martínez Morás, Castelao, Manuel Lugrís, A. Vilar Ponte e Félix Estrada Catoyra. Arquivo RAG.

da a comezos da década dos 20, feito que crea as “condicións institucionais de posibilidade” do Seminario de Estudos Galegos. De todos os xeitos, a tendencia cara ao enferruxamento da RAG comezou a ser endereitada a partir dos mediados desa mesma década, mediante a súa apertura ás novas xeracións intelectuais, coa conseguinte incorporación das figuras máis emblemáticas destas, dando lugar a unha interesante operación de “transferencia mutua” de carisma entre a Academia e os valores emerxentes, que redundou en beneficio duns e outros e nun maior prestixio social da cultura galega. Como tantos outros movementos sociais renovadores, a Guerra Civil e a ditadura fanaron un proceso en estado incipiente, e a Real Academia Galega, despois de dúas décadas de práctica agonía, tivo que ser obxecto a partir da década dos 60 dunha nova, difícil e complexa, operación de rescate. Pero esa é outra historia, que non nos aquece no presente contributo ■

<sup>7</sup> A maioría destes discursos de ingreso permaneceron inéditos no seu tempo, e tiveron que agardar décadas para vir a lume: V. Risco, *Un caso de lycantropía (O home lobo)*, A Cruña, Real Academia Galega, 1971; A. Vilar Ponte, *O sentimento liberal na Galiza*, RAG, A Cruña, 1977; D. Rodríguez Castelao *As cruces de pedra na Galiza*, Real Academia Galega, A Coruña, 1964 (non se confunda este texto coa versión moito máis ampla e ilustrada que se publicou co mesmo título en Buenos Aires en 1950). A excepción é R. Otero Pedrayo: *Romantismo, saudade, sentimento da terra e da raza en Pastor Díaz, Rosalía Castro e Pondal*, Nós, Santiago de Compostela, 1931.

## Bibliografía

- Alonso Montero, Xesús. “Prehistoria da Academia Galega. A procura da norma culta de 1875 a 1905”, *Grial* 99 (1988), 8-18.
- Alonso Montero, Xesús. “O día en que se inaugurou a Academia Galega: o problema da(s) lingua(s)”, en Mercedes Brea e Francisco Fernández Rei, *Homenaxe ao profesor Constantino García*, 2 vols. Universidade, Santiago de Compostela, 1991; vol. II, pp. 7-18.
- Fernández Salgado, Benigno. *Os rudimentos da lingüística galega. Un estudio de textos lingüísticos galegos de principios do século XX (1913-36)*. Universidade, Santiago de Compostela, 2000.
- López Varela, Elisardo. *Unha casa para a lingua. A Real Academia Galega baixo a presidencia de Manuel Murguía (1905-1923)*. Espiral Maior, A Coruña, 2001.
- Mato, Alfonso. *O Seminario de Estudos Galegos*. O Castro, Sada / A Coruña, 2001.
- Monteagudo, Henrique. *Ideas e debates sobre a lingua (1916-36)*. A. D. R. Castelao e a tradición galeguista. Tese de doutoramento inédita, Santiago de Compostela, 1995.
- Monteagudo, Henrique. “Ferro Couselo e a historia lingüística de Galicia”, en M. Valcárcel (ed.), *Ferro Couselo (1906-1975)*. Unha fotobiografía. Xerais, Vigo, 1996, 97-108.
- Monteagudo, Henrique. *Historia social da lingua galega*. Galaxia, Vigo, 1999.
- Monteagudo, Henrique. “Nación/creación. Estética e política no agromar do ensaio galego”, *Anuario de Estudos Literarios Galegos* 1995, 63-108.
- Neira Vilas, Xosé. *Manuel Murguía e os galegos da Habana*. Edicións do Castro, Sada, 2000.
- Villar Ponte, Ramón. *Días, hechos y nombres de la Real Academia Gallega*. Roel, A Coruña, 1953.